



INFORMACIÓN @S PARTICIPANTES NA PROBA

VII RUTA BTT DE ESTEIRO 2026 – ASOCIACIÓN DEPORTIVA OS SALTARREJOS

Dende a Organización da VII Ruta BTT de Esteiro, recomendamos ler detidamente estas recomendacións para participar de forma segura e axeitada neste Evento.

Esta información é adicional, sobre ela sempre prevalece a reollida no reglamento xeral da proba.

A BTT de Esteiro é unha proba non competitiva que só persigue celebrar un evento lúdico deportivo sen ánimo de competencia entre os participantes donde cada quen pode facer uso das súas posibilidades físicas e técnicas sen pretender recibir nada a cambio.

HORARIOS:

- 8:15h. Apertura de entrega de dorsais na plaza roxa do Artón.
- 8:55h. Peche da entrega de dorsais.
- 9:00h. Saída da ruta no paseo do Artón.
- 14:00h. Peche oficial da proba.

DORSAIS:

- De 8:15 a 8:55h os participantes poderán retirar os dorsais (xunto co ticket da comida), na fila que lle fose asignada pola inicial do apelido ou número de dorsal.
- A hora da recollida deberase presentar a documentación básica requerida no regulamento. Declaración responsable ou autorización para menores.
- Recordade que é obrigatorio o uso de casco para tomar a saída.

SAÍDA E CHEGADA:

- A saída e chegada estará situado no paseo da riveira de Esteiro na zona do Artón.
- Antes da saída informarase por megafonia das características xerais da ruta, dando algúns detalles importantes para o desenrolo seguro da mesma.
- Farase de xeito neutralizado ata a entrada no monte, debendo en todo momento respetar ós vehículos de control da proba,
- Haberá dous avituallamentos sólidos e líquidos situados nos km 16 para todo-os participantes e no km 32 para os participantes no percorrido longo.
- Procurade facer as paradas o tempo xusto, sen estorbar a outros participantes e tirando es restos no recipiente do lixo.

NA CHEGADA:

- Haberá duchas dispoñibles no Polideportivo Xosé Lago, estarán dispoñibles dende as 10:00h ata as 15.00h.
- A partires das 10.30h disporase de unha espazo de lavado de bicicletas na mesma zona de chegada. Polo ben de todos, facer uso racional da auga e do tempo de lavado.

HORA DO PINCHO:

- Coma todo-os anos, teredes un pincho final para repoñer algo de forzas. Recordade que teredes que presentar o ticket que recollestes xunto co dorsal.

ZONA APARCAMENTO:

- Recomendamos estacionar na zona do Pabellon Xosé Lago e Campo de Fútbol, de facelo noutras zonas procurade respetar os espazos tratando así de evitar problemas co tráfico normal no pobo.

O PERCORRIDO:

- Consta de dúas distancias: 35Km e 48Km
- Fieís a filosofía dos diseñadores, seguimos apostando por percorridos acordes ca práctica da BTT.
- A maior parte discorre por camiños e sendeiros ao longo dos Concellos de Muros e Outes, procurando tocar o asfalto o menos posible. Pensando que é a mellor forma de disfrutar deste deporte.
- Todo o percorrido estará sinalizado con cintas de cor branco-bermello e spray cor amarelo fósforo.
- Nos cruces perigosos haberá persoal auxiliar para controlar o paso de vehículos e participantes debendo no posible atender as súas indicacións polo ben da seguridade.
- **RECORDADE SEMPRE** que as vías están **ABERTAS AO TRÁFICO** polo que debes estremar as precaucións en lugares con pouca visibilidade, con ausencia de persoal auxiliar ou persoal de servizos oficiais.
- Nos tramos de vía pública respetar os sinais de tráfico e non facer maniobras que poñan en perigo a vosa seguridade nin a do resto de usuarios.

PUNTOS DE CORTE:

- Haberá un punto de corte para desviar aos participantes que a organización considere que non poden terminar o percorrido dentro do tempo máximo marcado (14:00). Este punto estará situado no km 32 do percorrido coincidindo co desvío do percorrido mais corto. Todo participante que pasadas as 12:00 non teña pasado por ese punto será desviado a zona de chegada.

ACCIDENTES:

- Todos os participantes estades cubertos por un seguro de accidentes con asistencia en centros concertados. O seguro da proba só cubre os siniestros dentro do horario de celebración da mesma, se necesidade asistencia médica tedes que solicitala dentro de ese prazo.
- En caso de sufrir un accidente tratar de poñerse en contacto con persoal auxiliar para xestionar a axuda ou retirada.
- Se o accidente fose grave chamar aos tlf que aparecen no dorsal para poder coordinar a retirada do accidentado de forma segura por parte dos equipos médicos presentes na proba. Recordade o principio de solidariedade se vedes un participante que pode necesitar axuda.
- O seguro da proba só cubre ACCIDENTES, polo que non se fará cargo de outros procesos derivados de enfermidades, tratamentos ou problemas físicos.

COMO CHEGAR: Preme no enlace para chegar. <https://maps.app.goo.gl/53byE24tJinBothX6>

AGRADECIMENTOS:

- Dende a Organización queremos agradecer a colaboración de todo o Persoal auxiliar, Forzas de seguridade e Protección Civil, Comunidades de Montes e tamén aos participantes que fan posible a celebración deste evento.

MOITAS GRAZAS.



Mapa de servicios e mapa de recorrido.

Para ver track ruta completa preme aquí: <https://loc.wiki/t/262694067?wa=sc>